

9 DE XUÑO 2016



DÍA INTERNACIONAL
DOS ARQUIVOS

ARQUIVOS DE GALICIA

O 9 de xuño celébrase, promovido pola Unesco, o Día Internacional dos Arquivos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria súmase tamén a esta celebración anual para destacar a importancia estratéxica dos arquivos e dos profesionais que os atenden para avanzar na eficiencia e na transparencia das administracións públicas, así como para a conservación e posta en valor do patrimonio cultural.

Con este motivo, a Secretaría Xeral de Cultura, a través da Subdirección Xeral de Arquivos, anima aos arquivos galegos a promover iniciativas arredor desta data para lle achegar os arquivos ao público en xeral.

Os arquivos dependentes da Secretaría Xeral de Cultura organizan durante toda a semana diversas actividades.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

ARQUIVO DE GALICIA. Santiago de Compostela

9 de xuño

- **9:00 h a 14:00 h.** Xornada de portas abertas e visitas guiadas ás instalacións do Arquivo de Galicia. O obxectivo destas xornadas é dar a coñecer o Arquivo de Galicia á cidadanía mediante un percorrido polas súas instalación e unha explicación dos documentos que nel se conservan co apoio dunha representativa mostra documental. Inscrición previa. Mais información no teléfono 881 999 665 ou no enderezo electrónico **do arquivo: arquivogalicia.cultura@xunta.gal**
- **11:00 h.** Presentación pública do depósito do arquivo da Real Sociedade de Amigos del País de Santiago de Compostela no Arquivo de Galicia do Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago. O Arquivo de Galicia é o arquivo intermedio e histórico do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia ao que corresponde, entre outras funcións, recibir por transferencia os documentos dos diferentes órganos da Xunta de Galicia ou das entidades dependentes cun ámbito territorial superior a unha provincia. Pero tamén recibir por doazón, legado, depósito ou compra calquera fondo de carácter público ou privado e ámbito galego que, por formar parte do patrimonio documental de Galicia se acorde depositar nel para facilitar a súa conservación e difusión. A Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago foi creada por Real Cédula de Carlos III, do 23 de setembro de 1784 coa finalidade de aplicar as novas ideas e coñecementos científicos derivados da Ilustración. A súa intensa actividade, especialmente a partir do ano 1833, na modernización e impulso da actividade agrícola e gandeira e no fomento da actividade industrial, así como na promoción da música, a arte e a cultura en xeral fai do seu arquivo unha valiosa fonte de información para a historia de Galicia nos séculos XIX e XX. O seu depósito no Arquivo de Galicia suporá a garantía da súa

conservación e posta a disposición de investigadores e cidadáns. Con motivo da presentación inaugurarase unha pequena exposición nunha das aulas situadas no edificio do Arquivo de Galicia. No acto institucional de presentación participará a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, A Real Sociedad Económica de Amigos del País e a Fundación Barrié, entidade que se fixo cargo do proxecto de dixitalización do fondo documental mediante a firma dun acordo de colaboración asinado coa Real Sociedade.

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. A Coruña

9 de xuño

- **10:30h** “Coñecer o Arquivo”. Visita guiada ás instalacións do arquivo e á mostra documental dunha selección de documentos conservados no centro.
- **11:30h** Obradoiro de pergamiño: elaboración de marca páxinas con letras iluminadas. Inscripción previa.
- **11:30h** Obradoiro de documentos e arquivos: Os arquivos familiares e persoais
- **17:00h** “Coñecer o Arquivo”. Visita guiada ás instalacións do arquivo e á mostra documental dunha selección de documentos conservados no centro.
- **18:00h** Obradoiro de pergamiño: elaboración de marca páxinas con letras iluminadas. Inscripción previa.
- **18:00h** Obradoiro de encadernación: elaboración de tarxeteiros. Inscripción previa.
- **18:00h** Obradoiro de documentos e arquivos: aproximación á lectura de documentos: letra humanística e procesual

15 persoas por obradoiro. A selección farase por orde de chegada das solicitudes. As persoas interesadas deben cubrir o formulario de inscrición e remitilo ao correo: arq.reino.galicia@xunta.gal ou ao nº de fax: 881 960 374

Información:

Teléfono 881 960 360

Correo electrónico: arq.reino.galicia@xunta.gal

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE LUGO

9 de xuño

- Xornada de portas abertas e visitas guiadas ás instalacións do arquivo. Durante todo o día, previa inscrición.
- **11h:** Presentación dunha nova achega da serie Documentos singulares. “Estatística escolar da Escola da Ermida”. O documento é a resposta que ofrece o mestre da Escola Nacional Mixta da Ermida, parroquia do Chao de Fabeiro en Monforte de Lemos e situada no lugar de Porto de Lobos á circular da Sección Administrativa de Primeiro Ensino de Lugo de 16 de xaneiro de 1943 que ordenaba ás Xuntas Municipais de Primeiro Ensino a remisión urxente de datos das escolas de cada municipio. Ademais da presentación deste documento, publicarase un folleto descritivo, onde se describirá este seguindo as directrices da NOGADA (Norma Galega de Descrición Arquivística), que adapta á realidade galega a norma internacional de descrición arquivística ISAD (G).

Información e reservas:

Teléfono 982 828 318

Correo electrónico: ahp.lugo.informacion@xunta.gal

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE OURENSE

7 de xuño

- **18.30h:** Visita teatralizada “O segredo dos franciscanos”. Parte da sede do AHPOu onde se toma contacto cos documentos dos franciscanos, para despois realizar un percorrido polos “lugares” vinculados con esta orde na cidade de Ourense, que remata no Claustro de San Francisco, onde se resolverá un misterio a través da interpretación dos capiteis e outros elementos. Para todos os públicos. Prégase inscrición (pero non se esixe) Lugar de inicio: Arquivo Histórico Provincial (Hernán Cortés, 2)

8 de xuño

- **18:30h:** Visita teatralizada “O segredo dos franciscanos”. Parte da sede do AHPOu onde se toma contacto cos documentos dos franciscanos, para despois realizar un percorrido polos “lugares” vinculados con esta orde na cidade de Ourense, que remata no Claustro de San Francisco, onde se resolverá un misterio a través da interpretación dos capiteis e outros elementos. Para todos os públicos. Prégase inscrición (pero non se esixe).

Lugar de inicio: Arquivo Histórico Provincial (Hernán Cortés, 2)

9 de xuño

- **12.h:** Visita teatralizada “O Arquivo: unha viaxe a través da porta do tempo”. Visita teatralizada ás dependencias do AHPOu , onde se fará un percorrido pola nosa historia a través de documentos que mostren espazos da cidade que despois se visitarán (praza maior, monumento ao P. Feijoo, edificio da Banca Simeón). Prégase inscrición (pero non se esixe) no correo: begogal@xeitura.com ou no teléfono 650 05 70 11

Lugar de inicio: Arquivo Histórico Provincial (Hernán Cortés, 2)

- **19h:** Visita teatralizada “O Arquivo: unha viaxe a través da porta do tempo”. Visita teatralizada ás dependencias do AHPOu , onde se fará un percorrido pola nosa historia a través de documentos que mostren espazos da cidade que despois se visitarán (praza maior, escultura do P. Feijoo, edificio da Banca Simeón). Prégase inscrición (pero non se esixe) no correo: begogal@xeitura.com ou no teléfono 650 05 70 11

Lugar de inicio: Arquivo Histórico Provincial (Hernán Cortés, 2)

- **20.15h:** Proxección da curtometraxe “O fénix da memoria”. Capítulo 3 das Viaxes do Capitán Gardador. Un tráxico acontecemento na vida do Capitán Gardador transfórmao nunha pantasma condenada a vagar polos arquivos. A consulta de vellos documentos nestes labirintos da memoria evocaralle episodios transcendentais da súa vida que explican a súa condena e que tamén lle servirán para reconstruír o seu pasado e para tratar de liberarse deste castigo. Con esta historia de ficción preténdese divulgar de xeito ameno o Patrimonio Documental que custodian os arquivos.

Lugar: Salón de actos do Centro Cultural da Deputación Provincial de Ourense. (Rúa Progreso, 30)

10 de xuño

- **17h:** Visita teatralizada “O Arquivo: unha viaxe a través da porta do tempo”. Visita teatralizada ás dependencias do AHPOu , onde se fará un percorrido pola nosa historia a través de documentos que mostren espazos da cidade que despois se visitarán (praza maior, escultura do P. Feijoo, edificio da Banca Simeón). Prégase inscrición (pero non se esixe) no correo: begogal@xeitura.com ou no teléfono 650 05 70 11

Información e reservas:

Teléfono 988 788 228

Correo electrónico: arq.prov.ourense@xunta.gal

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

9 de xuño

- **12:00h:** Xornada de portas abertas con visitas guiadas ás instalacións do arquivo e á mostra sobre as fontes documentais para o estudio da toponimia, na Sala dos Masóns.
- **17:00h:** Xornada de portas abertas con visitas guiadas ás instalacións do arquivo e á mostra sobre as fontes documentais para o estudio da toponimia, na Sala dos Masóns.

10 de xuño

- **12:00h:** Xornada de portas abertas con visitas guiadas ás instalacións do arquivo e á mostra sobre as fontes documentais para o estudio da toponimia, na Sala dos Masóns.
- **19:00 h.** Conferencia “Arquivos, toponimia e tradición oral” sobre toponimia e documentos, por Xosé Lois Vilar Pedreira. O baleirado documental do material existente nos arquivos públicos e privados, incluídas as hemerotecas, coa recollida da tradición oral. Tratamento da toponimia, os nomes da terra e do mar en transo de desaparición debido ós cambios económicos e sociais das últimas décadas
- **20:00 h.** Velada musical a cargo das violinistas Antía García Diz e Montserrat Vilasante Ferreiro

Información e reservas:

Teléfono 986 852 118

Correo electrónico: arg.historico.pontevedra@xunta.gal

ARQUIVO CENTRAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. Santiago de Compostela

9 de xuño

- Xornada de portas abertas con visitas guiadas tanto aos usuarios e usuarias do arquivo como á cidadanía en xeral en horario de 10 a 14 horas.

Información e reservas:

Teléfono: 981 957573

Correo electrónico: arquivo.cultura.sc@xunta.gal

ARQUIVO TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA EN LUGO

9 de xuño

- Xornada de portas abertas con visitas guiadas dirixidas aos empregados públicos como usuarios deste centro. Horario de 10:00 a 14:00h.

Información e reservas:

Edificio administrativo de Lugo, segundo andar

Teléfono: 982 294 240

ARQUIVO TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA EN PONTEVEDRA

9 de xuño

- Xornada de portas abertas con visitas guiadas dirixidas aos empregados públicos como usuarios deste centro. Horario de 10:00 a 14:00h.

Información e reservas:

Teléfono: 886 206 617

Correo electrónico: arquivo.cultura.pontevedra@xunta.es

ARQUIVO TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA EN VIGO

9 de xuño

- Xornada de portas abertas con visitas guiadas dirixidas aos empregados públicos como usuarios deste centro. Horario de 10:00 a 14:00h.

Información e reservas:

Teléfonos: 986 817 799 / 986 817 620

Correo electrónico: arquivo.vigo@xunta.gal